

PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN TABOLEIRO DE ANUNCIOS DO CONCELLO DE CARBALLO

Ponse en coñecemento dos posibles interesados que a Alcaldía/Presidencia desta Entidade Local, en data 14-07-2025, ditou a resolución con número 2009/2025 que deseguido se transcribe:

RESOLUCIÓN

Convocatoria de asignación de usos instalacións deportivas municipais para a actividade física e deportiva de iniciativa privada co patrocinio municipal para a tempada 2025 / 2026.

1. CONSIDERACIÓNS.

1. A Lei de Bases de Réximen Local (en adiante LBRL), no seu artigo 26 apartado 1, letra c, determina que os concellos maiores de 20.000 habitantes deben prestar, en todo caso, servizos de instalacións deportivas de uso público.

2. A Lei do Deporte de Galicia (en adiante LDG), no seu artigo 8, establécese que os concellos exercerán no seu ámbito territorial as seguintes competencias entre outras:

- Construír, xestionar e manter as instalacións deportivas de titularidade municipal e, de ser o caso, a xestión e o mantemento das de titularidade autonómicas cuio uso e cuia xestión lles sexan concedidos, tendo en conta a cualificación adecuada do persoal responsable para esas finalidades.
- Velar pola plena utilización das instalacións deportivas da súa titularidade, procurar a participación das asociacións deportivas do seu ámbito municipal na optimización do seu uso e coidar as súas condicións de hixiene e seguridade.
- Procurar que nos plans de ordenación urbanísticos se establezan as reservas de espazos e cualificacións de zonas para a práctica do deporte, así como a instalacións de equipamentos deportivos e levar censo actualizado no seu ámbito territorial de instalacións deportivas de uso público, tanto de titularidade pública como privada

3. A LDG en virtude das competencias establecidas no artigo 8 da mesma lei para os municipios, o Concello de Carballo considera a colaboración co Asociacionismo Deportivo do ámbito territorial propio como pilar básico para acadar un sistema deportivo participativo, amplo e diversificado e cumprir ca encomenda de fomento e protección do dereito ó coñecemento e á práctica do deporte. É inequívoco o mandato lexislativo ó Concello de Carballo para dotar as instalacións deportivas de uso público que satisfagan as demandas dos seus veciños, e en especial das entidades privadas sen ánimo de lucro adicadas a práctica e fomento do deporte.

2.- LEXISLACIÓN APLICABLE

- Ley 7/1986, de 2 de abril, reguladora de Bases de Réxime Local (en adiante LBRL)
- Ley 3/2012, de 2 abril, do Deporte de Galicia (en adiante LDG).
- Regulamento do réxime xurídico, xestión, uso e utilización das Instalacións Deportivas de titularidade do Concello de Carballo' (BOP nº 123 do 01/07/2014).

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar as bases de convocatoria de asignación de usos das instalacións deportivas para actividade física e deportiva de iniciativa privada co patrocinio municipal para a tempada 2025 / 2026:

BASES DA CONVOCATORIA DE ASIGNACIÓN DE USOS DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS PARA ACTIVIDADE FÍSICA E DEPORTIVA DE INICIATIVA PRIVADA CO PATROCINIO MUNICIPAL PARA A TEMPADA 2025/2026

Primeiro.- Obxecto e Finalidade.

O obxecto da presente convocatoria é a asignación de usos das instalacións deportivas municipais para o desenvolvemento de actividade física ou deportiva na modalidade (adestramentos, competicións e organización de eventos deportivos dentro das instalacións deportivas) para a tempada 2.025 / 2.026, ás entidades deportivas e/ou educativas sen ánimo de lucro do municipio de Carballo, xa sexan instalacións propias ou cedidas o seu uso fora do horario lectivo ao Concello de Carballo mediante un acordo de uso con outras administracións.

Debido a que no Concello de Carballo, hai un número elevado de entidades deportivas que non dispoñen de instalacións para realizar os seus adestramentos, competicións ou eventos deportivos, a Concellaría de deportes pretende, en base a unha solicitude previa, realizar unha repartición do uso das horas libres semanais nas ditas instalacións, entre todas as entidades deportivas interesadas. Para iso utilizarase un procedemento de concorrencia competitiva.

Corresponde ao Concello de Carballo, a través da Concellaría de deportes, promover a práctica deportiva, como así establece as súas competencias propias a Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local non seu artigo 25.2

A mesma competencia estale recoñecida ao municipio pola Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración Local de Galicia

A súa vez, a Lei 3/2012, do 21 de abril, do deporte de Galicia establece no seu artigo 8 entre as competencias do municipio:

- Fomentar, promover e difundir o deporte, especialmente en idade escolar.
- Construír, xestionar, ampliar e manter as instalacións deportivas de titularidade municipal e no seu caso, a xestión e mantemento das de titularidade autonómica cuxo uso e xestión lle sexan cedidas.
- Velar pola plena utilización das instalacións deportivas da súa titularidade, procurar a participación das asociacións deportivas do seu ámbito municipal na optimización do uso destas e coidar a súa debida hixiene e seguridade.

En base a todas estas competencias, esta Concellaría ten por obxecto optimizar os recursos que se ten a disposición, para poder optimizar todas as instalacións deportivas existentes neste Concello.

Facúltase á Concellaría de Deportes do Concello de Carballo para a aprobación de

condicións xerais adicionais nas instalacións deportivas por causas de forza maior ou aquelas que o servizo estime oportuno.

Non ofertaranse as horas das instalacións deportivas que son necesarias para a realización de competicións. No caso de que durante a tempada 2025/2026, deben realizarse competicións en horas que lle están asignadas a calquera dos suxeitos beneficiarios desta convocatoria, deberán deixar as horas libres para realizar as competicións sen ter dereito a ningún tipo de compensación.

Segundo. Beneficiarios.

1. Poderán solicitar mediante este procedemento o uso de instalacións deportivas municipais os clubs, asociacións e demais entidades de carácter deportivo, que cumpran os seguintes requisitos específicos:

- Estar legalmente constituído conforme a normativa vixente e debidamente inscritas no Rexistro de entidades deportivas da Xunta de Galicia.
- Estar legalmente inscrita non rexistro Municipal de Asociacións de Carballo, coa actualización anual pertinente.
- Ter a sede social e domicilio fiscal no Concello de Carballo.
- Posuír póliza de Responsabilidade Civil que cubra a entidade deportiva dos danos e perxuízos derivados por acción ou omisión, por culpa ou negligencia, na organización e desenvolvemento das actividades habituais, organización de eventos deportivos e usos de locais e instalacións deportivas por importe mínimo de 600.000 € segundo normativa vixente.
- Ter un seguro de accidente deportivo contratado para cada un dos deportistas que utilicen as instalacións deportivas no momento de utilizar as instalacións deportivas.
- No caso de que algunha das actividades que execute a entidade solicitante, implique o contacto habitual con menores, deberá comprobar que o persoal ao seu cargo cumpre co esixido pola Lei orgánica 8/2021, de 4 de xuño, de protección integral a la infancia e adolescencia fronte a violencia.
- Estar ao corrente das obrigas tributarias.
- Participar en actividade deportiva de ámbito federado e que teñan competición ao longo da tempada 2025/2026.

2. A concesión de autorización de utilización das instalacións aos solicitantes non implicará o uso gratuíto das instalacións, senón que deberán ser aboadas as taxas establecidas na Ordenanza Fiscal nº 22 do Concello, reguladora das taxas pola utilización das instalacións deportivas municipais e por prestación de servizos deportivos. Aquelas entidades que se atopen incluídas dentro dos programas de subvención en exercicio da actividade de fomento á práctica deportiva -relativos aos gastos ordinarios do seu funcionamento-, seguirán o réxime de xestión liquidadora e recadadora expresamente previsto para as mesmas no artigo 7.6, inciso segundo, da devandita Ordenanza.

Terceiro.- Obrigas das entidades beneficiarias.

As entidades beneficiarias deberán:

1. Respetar e cumprir o Regulamento do réxime xurídico, xestión, uso e utilización das Instalacións Deportivas de titularidade do Concello de Carballo (BOP nº 123 do 01/07/2014).
2. Facer a tramitación de xeito telemático:
 - Ter un único enderezo de correo electrónico de contacto para toda a tramitación do expediente, ao que se dirixirán as comunicacións. Excepcionalmente, e de xeito xustificado, poderá modificar leste endereito

inicial, sempre e cando lle notifique a circunstancia pertinente ao Concello de Carballo.

- Dispoñer de certificado dixital ou DNle: Quen ocupe a presidencia da entidade ou quen teña delegadas as súas funcións, quen ocupe a secretaría da entidade e quen represente a entidade perante o Concello de Carballo (non caso de ser distinta das dúas anteriores).

3. Facer constar a colaboración do Concello de Carballo en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) das actividades obxecto desta convocatoria e na súa páxina web, do xeito seguinte:

- No caso de medios radiofónicos, megafonía, etc. darase publicidade á colaboración do Concello de Carballo, e nos restantes figurarán en lugar visible e destacado vos logotipos do Concello de Carballo e Carballo Deporte.

- Na vestimenta deportiva de competición figurarán en lugar visible e destacado os logotipos do Concello de Carballo e/ou Carballo Deporte previa de consulta á Área de Deportes do Concello de Carballo que detallará o modo en que estes figurarán.

- As publicacións, cartelería, a publicidade e toda a produción das actividades deberán estar en lingua galega, conforme ao establecido na Ordenanza para ou impulso social da lingua galega do Concello de Carballo.

- As publicacións, cartelería, a publicidade e toda a produción das actividades deberán estar en lingua galega, conforme ó establecido na Ordenanza para o impulso social da lingua galega do Concello de Carballo.

4. As horas de adestramento asinadas son para os equipos aos que se lles concedeu o uso, reservándose o Servizo de Instalacións deportivas a facultade de inspeccionar en calquera momento, o cumprimento desta norma, podendo suspender de maneira inmediata a concesión de uso á entidade que non cumpra o determinado neste apartado.

5. En ningún caso as entidades deportivas poderán, a título particular, realizar cambios ou cesións de uso da instalación deportiva asignada a outra entidade sen a autorización expresa do Servizo de Instalacións deportivas, procedéndose á suspensión inmediata da concesión de uso en caso de incumprimento desta norma.

6. Calquera variación, modificación e/ou anulación total ou parcial nos usos concedidos, será comunicada por Rexistro, cun mínimo de 3 días hábiles de antelación; para resolver a petición concedendo ou denegando o solicitado.

Cuarto.- Tipos de actividade.

Nesta convocatoria poderán solicitar o uso das instalacións deportivas municipal a través de dúas liñas de actuación, en función do tipo de actividade que realicen, dende o 1 de setembro de 2025 ata o 31 de agosto de 2026:

LIÑA I.- Desenvolvemento de adestramentos e competicións deportivas federadas durante a tempada.

A presente liña ten por obxecto a concesión de uso das instalacións deportivas a entidades deportivas do municipio de Carballo, para desenvolvemento e a práctica das actividades de **adestramento e competición deportiva federada** durante a tempada 2025/2026.

Poderán ser beneficiarios clubs e asociacións de carácter deportivo, sen ánimo de lucro, con personalidade xurídica propia que ademais de reunir os requisitos xerais que se establecen na cláusula Segunda desta convocatoria e que ademais se atopen debidamente

rexistradas na Federación ou Federacións Deportivas correspondentes da Comunidade Autónoma de Galicia ou no seu caso en Federación/Asociación con competición regulada, como mínimo durante as dúas últimas tempadas.

Período de concesión: A utilización da instalación deportiva asinada será con carácter xeral a partir do 1 de setembro de 2025, dende o día seguinte da resolución provisional ata o 21 de xuño de 2026, para os adestramentos e competicións de tempada daquelas entidades deportivas que o precisen, supeditado en todo caso ao calendario de peche das instalacións prevista polo servizo de instalacións deportivas.

LIÑA II.- Organización de eventos e campus deportivos.

A presente liña ten por obxecto a concesión de uso das instalacións deportivas a entidades deportivas para a **organización de eventos e campus deportivos** no municipio de Carballo durante a tempada 2025/2026.

Período de concesión: A utilización da instalación deportiva asinada será con carácter xeral do 1 de outubro de 2025 ata o 30 de setembro de 2026 para a organización de eventos deportivos e/ou campus deportivos daquelas entidades deportivas que o precisen, supeditado en todo caso ao calendario de peche das instalacións previstas polo Servizo de Instalacións Deportivas.

Cuarto.- Instalacións.

1. Inclúense nesta convocatoria as instalacións deportivas municipais e aquelas que o Concello de Carballo cedidas por outras administracións e que figuran no Anexo II.

2. En todas estas instalacións, existen na actualidade horas dispoñibles, que se poden ofertar para uso deportivo. No obstante, a dispoñibilidade pode cambiar ao longo do ano, para aumentar a oferta de programación propia ou ben para dar cobertura a competicións deportivas que se teñan que realizar nas instalacións. Do mesmo xeito poderase limitar o uso de instalacións concedidas de forma temporal como consecuencia da realización de obras ou por motivos sanitarios.

3. O Servizo de Instalacións Deportivas ten definido o uso deportivo de cada instalación, non podendo utilizarse estas para un uso deportivo non previsto na mesma, polo que non se admitirán aquelas solicitudes que pretendan levar a cabo a práctica de actividades distintas ás indicadas no Anexo II.

4. Cada entidade solicitará as instalacións e horas que estime necesarias en función da modalidade deportiva que practiquen e en función do número de equipos e licenzas deportivas.

5. Os usos distribuiranse nas franxas horarias dispoñibles unha vez feitas as correspondentes reservas en función de:

- Necesidades do propio Servizo Municipal de deportes para o desenvolvemento das actividades organizadas directamente, o para outros programas municipais de apoio a entidades sociais.
- Horas que sexan necesarias en aplicación dos acordos cos centros educativos que utilizan as instalacións municipais para desenvolver as actividades físicas do alumnado que está a cursar a ensinanza obrigatoria e, no seu caso actividades extraescolares.
- Non se ofertarán as horas que sexan necesarias para a realización de competicións desenvolvidas no ámbito federativo ou nas competicións recoñecidas pola administración deportiva. Con carácter excepcional, será o Servizo de Instalacións Deportivas quen autorice a celebración de competicións de entidades diferentes ás que teñen esa franxa horaria concedida para adestramentos, sen dar lugar a

compensación de horas.

6. Durante a tempada o Servizo de Instalacións Deportivas controlará a ocupación dos espazos evitando a súa infrautilización. En caso de detectarse algunha franxa horaria infrautilizada poderá reasignarse ditos espazos para outros usos que melloren o rendemento da instalación e o seu aproveitamento polo resto de entidades deportivas do Concello, previa audiencia ao interesado, e sen dereito a indemnización algunha. A estes efectos, establécense uns mínimos de ocupación:

- Fútbol 7: Menos de 12 persoas de media ao mes.
- Fútbol 11: Menos de 16 persoas de media ao mes.
- 1/3 de pista de pavillón.- Menos de 8 persoas de media ao mes.
- Pavillón completo.- Menos de 10 persoas media ao mes.
- Pista de patinaxe.- Menos de 10 persoas media ao mes.
- Pista de natación: Menos de 6 persoas media ao mes.
- Non utilizar o espazo deportivo sen aviso nin xustificación previa durante tres veces o ano
- Para partidos de competición oficial, perderase a preferencia cando unha entidade modifique ou suspenda, sen motivo xustificado por parte da federación correspondente, a concesión dun partido en máis de tres ocasións durante a tempada.

7. Cada entidade, deberá de cumprir co Regulamento do réxime xurídico, xestión, uso e utilización das instalacións deportivas no seu artigo 23. Reserva de uso para clubs e entidades deportivas.

Cada entidade deberá solicitar as instalacións e horas que estime necesarias en función da modalidade deportiva que practiquen e en función do número de equipos e licenzas deportivas.

Unha entidade non poderá solicitar mais dos seguintes días e horas por cada unha das categorías.

PAVILLÓNS.

CATEGORÍA	ÁMBITO COMPETICIÓN	Nº DÍAS	Nº HORAS
Categoría senior	Competición nacional	4 días / semana	Máximo 1:30 h. por sesión
Categoría senior	Competición autonómica	3 días / semana	Máximo 1:30 h. por sesión
Categoría senior	Competición provincial	3 días / semana	Máximo 1:15 h. por sesión
Categorías de base	Competición nacional	3 días / semana	Máximo 1:30 h. por sesión
Categorías de base	Competición autonómica	3 días / semana	Máximo 1:30 h. por sesión
Categorías de base	Competición provincial	3 días / semana	Máximo 1:15 h. por sesión

CAMPOS DE FÚTBOL

CATEGORÍA	ÁMBITO COMPETICIÓN	Nº DÍAS	Nº HORAS
-----------	--------------------	---------	----------

Categoría senior	Competición nacional	4 días / semana	Máximo 1:30 h. por sesión
Categoría senior	Competición autonómica	3 días / semana	Máximo 1:30 h. por sesión
Categoría senior	Competición provincial	3 días / semana	Máximo 1:15 h. por sesión
Categorías de base	Competición nacional	3 días / semana	Máximo 1:30 h. por sesión
Categorías de base	Competición autonómica	3 días / semana	Máximo 1:30 h. por sesión
Categorías de base	Competición provincial	3 días / semana	Máximo 1:15 h. por sesión

PISCINAS

CATEGORÍA	ÁMBITO COMPETICIÓN	Nº DÍAS	Nº HORAS
Categoría Junior / absoluto	Autonómica ou Nacional	5 días /semana	Máximo 1:30 h. por sesión
Categoría infantil	Autonómica ou Nacional	5 días / semana	Máximo 1:30 h. por sesión
Categoría alevín	Autonómica ou Nacional	3 días / semana	Máximo 1:15 h. por sesión
Categoría benxamín	Autonómica ou Nacional	3 días / semana	Máximo 1:15 h. por sesión
Categoría promesas	Autonómica ou Nacional	3 días / semana	Máximo 1:00 h. por sesión

Quinto.- Horarios de uso.

1. Con carácter xeral os horarios de uso das instalacións deportivas municipais son os que recollen no Anexo II:

- Estes horarios poderán sufrir variacións en función das necesidades do Concello de Carballo.
- Os horarios das instalacións conveniadas polo Concello de Carballo con outras administracións serán os que aparezan en cadanseu convenio de uso.

2. As entidades beneficiarias da liña 1 que precisen datas adicionais, fora do período concedido, para inicio ou remate de adestramentos ou competicións, realizarán unha solicitude adicional allea a esta convocatoria. A solicitude será valorada polo Servizo de Instalacións Deportivas do Concello de Carballo, para a súa aprobación en caso de existir dispoñibilidade.

3. As horas non concedidas a entidades deportivas para adestramentos e competicións estarán dispoñibles para alugueiro xeral, así como as que queden non ocupen as entidades con posterioridade á concesión sen que ningún caso sexan obxecto de compensación. Estes horarios rexeranse polo sistema de reservas libres de alugueiros, dispoñibles para o público en xeral e suxeitas ao aboamento do prezo público correspondente, conforme a ordenanza reguladora.

Sexto.- Criterios de distribución dos usos das instalacións deportivas.

1. Como norma xeral distribuiranse horas de luns a venres entre as horas non reservadas pola Concellaría de Deportes para o desenvolvemento das actividades organizadas polo Concello. En determinadas instalacións ofertaranse ademais horas en sábado e domingos. A relación de horas ofertadas recóllese no Anexo II que se achega con esta convocatoria.

2. A asinación de horas farase por instalación deportiva e en función do tipo de actividade permitida en cada unha delas. Non se concederán, mediante esta convocatoria,

horas a ningún club ou entidade para a realización de actividades deportivas que non teñan que ver co obxecto do propio club ou entidade.

3. Terán carácter preferente no uso das instalacións, programas deportivos municipais e as actividades e competicións que contén coa colaboración municipal.

4. O Servizo Municipal de Instalacións Deportivas, unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes, efectuará a valoración das mesmas tendo en conta entre outros criterios a adaptación do deporte ás características da instalación a utilizar, nivel da competición dos equipos, estabilidade da actividade no tempo, número de licenzas deportivas federadas, valorando especialmente as de base e de categoría feminina, dispoñibilidade de instalación, colaboración da entidade en actividades deportivas organizadas pola Área de Deportes do Concello de Carballo na tempada anterior, ocupación de uso da tempada anterior, número de socios da entidade solicitante, antigüidade do club ou entidade, repercusión social ou calquera outra circunstancia relacionada coas estruturas e organización das entidades deportivas que, a criterio do Servizo Municipal de Instalacións Deportivas, poida resultar determinante para a concesión das instalacións.

5. Teranse en conta aquelas circunstancias en relación coas estruturas, organización, franxas horarias e outras características das entidades deportivas, tanto en deportes de equipo como individuais, que a criterio do Servizo Municipal de Instalacións deportivas, poidan resultar determinantes en relación coa concesión das instalacións. e como norma xeral.

6. O Servizo de Instalacións Deportivas aplicará un baremo para priorizar solicitudes en función dos criterios de distribución. A asignación das horas de uso farase atendendo ás categorías dos equipos e idades dos deportistas, tomando como referencia o número de horas semanais que se utilizaron na tempada anterior podendo o número de horas concedido ser inferior no caso que existan máis solicitudes para a mesma franxa horaria e número de horas. No caso que existan dúas ou máis solicitudes coa mesma preferencia, asignaranse as horas tentando conseguir equidade entre os solicitantes.

7. Os criterios a valorar para os encontros de competición federada ou amigables durante toda a tempada, son os seguintes:

- Nivel de competición na que se atope o equipo.
- Horario estable ao longo da tempada.
- Categoría dos equipos en relación aos horarios.
- No caso de empate, farase un sorteo para establecer quendas rotatorias.

8. Os criterios a valorar para a concesión a eventos ou campus deportivos serán:

- Ámbito, carácter, antigüidade e repercusión da actividade.
- Proxección social e promoción deportiva.
- Nivel deportivo e de participación.
- Para vos eventos de nova creación que aparezan ao longo da tempada, farase unha solicitude específica do mesmo para resolver a concesión ou denegación, segundo proceda, da instalación.

Sétimo.- Lugar e prazo de presentación de solicitudes.

1. O prazo de solicitude para a liña 1 será de 10 días naturais, a contar dende o día seguinte da publicación da convocatoria na páxina web municipal (www.carballo.gal) e no taboleiro de anuncios municipal. Para a liña 2 as solicitudes presentaranse polo menos con 45 días de antelación ao comezo previsto da actividade durante toda a tempada.

2. As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Carballo. Cada entidade só poderá presentar unha solicitude.

3. As entidades deberán acompañar a seguinte documentación:

- Modelo de solicitude normalizado que figura no Anexo I
- Copia do seguro de Responsabilidade Civil da entidade e xustificante de pago.
- Declaración responsable segundo o modelo do Anexo III.
- Censo actualizado do número de socios.
- Certificado da federación correspondente non que se indique o número de equipos inscritos e o número de licenzas tramitadas en cada unha das categorías, para a tempada 2025/2026 ou da tempada 2024/2025 (no caso de non ter na data da solicitude tramitada). Ao longo da tempada unha vez que xa estean inscritos os equipos e tramitadas as licenzas deportivas da tempada 2025/2026, deberán facer chegar dito certificado.
- Calendarios de competición para a tempada 2025/2026 (no caso de non estar dispoñibles no momento de realizar esta solicitude achegaranse ao Servizo Municipal de Instalacións Deportivas cando estean dispoñibles e polo menos 15 días antes do inicio da competición).
- As persoas usuarias nas actividades da entidade beneficiaria para as que se solicita a instalación terán garantida a asistencia sanitaria; en consecuencia presentarán unha declaración responsable, indicando que todas as persoas participantes (incluídas as aspirantes ou en período de proba) dispoñen de licencia federativa e/ou a necesaria póliza de accidentes de seguro que garanta a asistencia sanitaria en dita actividade e coa mesma cobertura que a licenza federativa no caso das persoas participantes en actividades non federadas. No caso que se solicite o uso das instalacións deportivas para realizar actividade non federada, presentárase a póliza de seguro de accidentes con cobertura sanitaria e o recibo de pago acreditativo do mesmo con vixencia durante a duración da actividade.
- Declaración da relación de persoal ao servizo da entidade, titulación deportiva, función ou cargo, tipo de relación ca mesma (laboral, voluntariado, xornada, etc.).
- Calquera outra documentación requirida polo Concello de Carballo

Oitavo.- Reserva de dereito e extinción da concesión.

1. O Concello de Carballo resérvase o dereito de deixar sen efecto algunha das autorizacións de utilización das instalacións deportivas por necesidades de programación municipal ou de actividades do Concello de Carballo.

2. A concesión do uso das instalacións deportivas municipais poderá ser extinguida polo seguintes motivos:

- Por incumprimento das obrigas establecidas na presente normativa e nos requisitos de solicitude.
- Por causa de comportamento pouco cívico ou antideportivo, por parte de algún membro da entidade autorizada, sendo este comportamento reiterado e evidente, a xuízo dos responsables Área de Deportes do Concello de Carballo.
- Por baixa asistencia dos membros da entidade, de xeito que reiteradamente, non cumpran cos mínimos de asistencia obrigatoria na autorización de uso.

Noveno.- Resolución.

A adxudicación provisional da concesión de uso realizaranse antes do 1 de outubro de 2025. Posteriormente da resolución provisional, as entidades deberán presentar por rexistro confirmación da ocupación de iso para cada unha das horas achegando categoría dos equipos e número de xogadores para cada uns dos adestramentos, no prazo máximo de 15 días. Posteriormente publicárase a resolución

definitiva da concesión de uso de instalación para a tempada 2025/2026.

Unha vez posta a resolución definitiva, as entidades poderán solicitar as horas que non se usen nas instalacións deportivas, que segundo o criterio do servizo, poidan mellorar a ocupación de uso.

O acordo publicárase na páxina web municipal, no taboleiro de anuncios do Concello de Carballo e notificárase individualmente a cada un dos solicitantes. No caso de non resolverse neste prazo a resolución provisional, seguirán en vigor vos horarios da tempada 2024/2025.

Asinado dixitalmente

ANEXO I

SOLICITUDE DE ADESTRAMENTOS OU COMPETICIÓNS DEPORTIVAS NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS PARA A TEMPADA 2025/2026

Nome e apelidos:		NIF:	
En representación da entidade (Nome completo):		CIF:	
Nº RMA do Concello de Carballo:	Nº Rexistro entidades deportivas Xunta de Galicia:.		
Endereito da entidade (a efectos de notificación):.		C.P.:	
Localidade:	Provincia:		
Correo electrónico:.	Tfno.de contacto:.		
A entidade solicitante conta con instalación propia ou conveniada con outra administración ou entidade		SI	NON

A entidade comprométese a respectar e cumprir o Regulamento do réxime xurídico, xestión, uso e utilización das Instalacións Deportivas de titularidade do Concello de Carballo, e solicita a utilización da seguinte instalación deportiva para os grupos de actividade que se detallan non cadro anexo:

- ☐ Pavillón.....
- ☐ Piscina
- ☐ Campo de fútbol
- ☐ Ximnasio

(marcar cun X)

Carballo, _____ de _____ 2.025

Asdo.:

**SERVIZO MUNICIPAL DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS ÁREA DE DEPORTES DO
CONCELLO DE CARBALLO**

1. SOLICITUDE DE ADESTRAMENTOS TEMPADA 2025 / 2026

[illegible]

Carballo, _____ de _____ de 2025

Asdo.:

2. SOLICITUDE DE EVENTOS DEPORTIVOS TEMPADA 2025 / 2026

Indicar as necesidades de uso de instalacións deportivas para os eventos previstos durante a tempada 2025/2026.

ENTIDADE:				
ESPECIALIDADE DEPORTIVA:				
NOME DO EVENTO	DESCRIPCIÓN DO EVENTO	DATA	HORARIO	INSTALACIÓN

Carballo, ____ de _____ de 2025

Asdo.:

ANEXO II

1. HORARIOS DE USO ADESTRAMENTOS

INSTALACIÓN (pavillóns deportivos)	Luns a Venres	OBSERVACIÓNS
1. Pavillón Vila de Noia	15:30 - 23:00	
2. Pavillón Carballo Calero	15:30 - 23:00	
3. Pavillón CEIP FOGAR	17:00 - 23:00	
4. Pavillón CEIP XESUS SAN LUÍS ROMERO	16:30 - 23:00	
	10:00 - 14:00	Sábados de 10:00 - 14:00 h.
5. Pavillón CEIP PLURILIGÜE GÁNDARA SOFÁN	18:00 - 23:00	
6. Pavillón CEIP PLURILINGÜE NÉTOMA RAZO	16:30 - 23:00	
7. Pavillón IES PARGA PONDAL	16:00 - 23:00	os luns a partir das 18:15 h.
8. Pavillón IES MONTE NEME	17:00 - 23:00	os luns a partir das 18:30 h.

INSTALACIÓN (Campos de Fútbol)	Luns a Venres	OBSERVACIÓNS
9. Campo de Fútbol As EIROAS (principal)	16:00 - 22:30	
10. Campo de Fútbol AS EIROAS (anexo)	16:00 - 22:30	
11. campo de Fútbol AS EIROAS (fútbol 8)	16:00 - 22:30	
12. Campo de Fútbol O CARRAL-SOFAN	16:00 - 22:30	
13. Campo de Fútbol AS PEDREIRAS-VERDILLO	16:00 - 22:30	

INSTALACIÓN (Piscinas)	Luns a Venres	OBSERVACIÓNS
14. Piscina VILA DE NOIA	12:00 - 14:00	Sábado máximo 3 pistas
15. Piscina CARBALLO CALERO	7:30 - 8:30	De luns a venres máximo 3 pistas
	9:00 - 13:30	Sábado máximo 3 pistas
	15:30 - 22:30	De luns a venres Máximo 3 pistas a excepción dos lúns e mércores de 20:30 a 22:30 con 2 pistas

INSTALACIÓN (Sala de Actividades)	Luns a Venres	OBSERVACIÓNS
16. Ximnasio CEIP XESÚS SAN LUÍS ROMERO	17:00 - 22:30	
17. Ximnasio 1 CEIP FOGAR	17:00 - 22:30	
18. Ximnasio 2 CEIP FOGAR	17:00 - 22:30	
19. Ximnasio CEIP A CRISTINA	17:00 - 22:30	* Os luns non se poderá solicitar
20. Ximnasio IES ISIDRO PARGA PONDAL	17:00 - 20:00	* Os luns non se poderá solicitar

PISTAS POLIDEPORTIVAS EXTERIORES	Luns / mércores / venres	OBSERVACIÓNS
21. Pistas polideportivas do Chorís	16:00 - 21:30	

CONCELLO DE CARBALLO
C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N Teléfono
981 70 41 00 www.carballo.gal
info@carballo.gal carballo@carballo.gal 5100
CARBALLO - A Coruña.

HORARIOS DE USO COMPETICIÓN.

INSTALACIÓN (pavillóns deportivos)	Sábados Domingos	OBSERVACIÓNS
1. Pavillón Vila de Noia	10:00 - 14:00 16:00 - 22:00	Domingos tarde pechado
2. Pavillón Carballo Calero	10:00 - 14:00 16:00 - 22:00	Domingos tarde pechado
3. Pavillón CEIP FOGAR	10:00 - 14:00 16:00 - 22:00	Domingos tarde pechado
4. Pavillón IES PARGA PONDAL	10:00 - 14:00 16:00 - 22:00	Domingos tarde pechado
5. Pavillón IES MONTE NEME	10:00 - 14:00 16:00 - 22:00	Domingos tarde pechado

INSTALACIÓN (Campos de Fútbol)	Sábados Domingos	OBSERVACIÓNS
6. Campo de Fútbol As EIROAS (principal)	10:00 - 14:00 16:00 - 22:00	Domingo tarde de 16:30 - 20:00
7. Campo de Fútbol AS EIROAS (anexo)	10:00 - 14:00 16:00 - 22:00	Domingo tarde de 16:30 - 20:00
8. Campo de Fútbol AS EIROAS (Fútbol 8)	10:00 - 14:00 16:00 - 22:00	Domingo tarde de 16:30 - 20:00
9. Campo de Fútbol O CARRAL- SOFAN	10:00 - 14:00 16:00 - 22:00	Domingo tarde de 16:30 - 20:00
10. Campo de Fútbol AS PEDREIRAS-VERDILLO	10:00 - 14:00 16:00 - 22:00	Domingo tarde de 16:30 - 20:00

INSTALACIÓN (Piscinas)	Sábados Domingos	OBSERVACIÓNS
11. Piscina CARBALLO CALERO		Sábados de 16:00 - 22:00 Domingos 9:00 - 15:00

**Puntualmente poderá realizarse competicións en xornada de sábado mañán pero soamente para campionatos absolutos galegos, que requiran dúas xornadas no día.*

CONCELLO DE CARBALLO
C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N Teléfono
981 70 41 00 www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal 15100
CARBALLO - A Coruña

SOLICITUDE DECLARACIÓN RESPONSABLE

D/D^a en calidade de
presidente da Asociación/Club, con CIF
nº..... con sede social en.....
..... e con mail, a
efectos de notificacións do Concello de Carballo, actuando na calidade indicada en
representación da citada Asociación/Clube.

Manifesta que ten por finalidade a promoción deportiva e a práctica deportiva de
....., e que está interesado en
solicitar a autorización de uso de espazos deportivos municipais e colaborar co Concello na
promoción do deporte base de dita disciplina deportiva non municipio, e para ese efecto
declara baixo a súa responsabilidade e no nome da citada Entidade que representa que:

1º.- Atopase rexistrada/ou non Rexistro de Entidades Deportivas da Xunta de Galicia e no
Rexistro Xeral de Asociacións de Carballo como Asociación Deportiva con núm.,
sendo seu obxeto: (segundo os estatutos):

.....
.....
.....

e contando dita entidade domiciliada no municipio de Carballo dende o
ano

2º.- Conta coa estrutura necesaria, atopándose integrada nas federacións
correspondentes e demais organismos competentes, así como con adestradores e
monitores para a promoción de dita disciplina deportiva.

3º.- Atopase ao corrente das súas obrigacións coa Facenda Pública, da Seguridade Social
e co Concello de Carballo.

4º.- Que conta con póliza de responsabilidade civil en vigor, cunha cobertura mínima de
600.000 euros, subscrita coa Aseguradora.....,
que cubra os riscos propios da súa actividade durante os períodos autorizados, por seus
deportistas así como por terceiros.

CONCELLO DE CARBALLO
C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello s/n, 15100
981 70 41 00 www.carballo.gal
info@carballo.gal
CARBALLO - A Coruña

5º. A entidade conta con:

a) **Para Pavillóns, Campos de Fútbol ou ximnasios:**

CATEGORÍA LICENCIAS	Nº	TEMPADA
Licencias masculinas categorías base		
Licencias femeninas categorías base		
Licencias masculinas categorías senior		
Licencias femeninas categorías senior		
Licencias masculinas categorías master ou veteráns		
Licencias femeninas categorías master ou veteráns		
CATEGORÍA EQUIPOS / GRUPOS	Nº	TEMPADA
Equipos masculinas categorías base		
Equipos femeninas categorías base		
Equipos masculinas categorías senior		
Equipos femeninas categorías senior		
Equipos masculinas categorías master ou veteráns		
Equipos femeninas categorías master ou veteráns		

b) **Para Piscinas**

CATEGORÍA LICENCIAS / DEPORTISTAS	Nº	TEMPADA
Licencias masculinas "Escolas".		
Licencias femeninas "Escolas".		
Licencias masculinas categorías de base		
Licencias femeninas categorías de base		
Licencias masculinas categoría absoluta		
Licencias femeninas categorías absoluta		
Licencias masculinas categorías master.		
Licencias femeninas categorías master.		
CATEGORÍA GRUPOS	Nº	TEMPADA
Equipos / grupos masculinas "Escolas".		
Equipos / grupos femeninas "Escolas".		
Equipos / grupos masculinas categorías de base		
Equipos / grupos femeninas categorías de base		
Equipos / grupos masculinas categoría absoluta		
Equipos / grupos femeninas categorías absoluta		
Equipos / grupos masculinas categorías master.		
Equipos / grupos femeninas categorías master.		

6º.- Comprométese a:



- o Ofrecer formación na citada disciplina deportiva, tanto de aprendizaxe como non, de competición, que adaptarase ás idades dos federados.
- o Promoción dos equipos federados posibilitando o adestramento e a competición.
- o Usar adecuadamente e conservar as instalacións municipais autorizadas, e non realizar actividades distintas das previstas na autorización que se conceda, aínda que estean previstas nos estatutos do club.
- o Que tódolos practicantes haxan pasado os recoñecementos médicos previos necesarios e sexan aptos para poder realizar a actividade.
- o Que tódolos deportistas teñan licencia en vigor no inicio dos adestramentos o no seu caso contratación dun seguro de asistencia sanitaria en caso de accidente deportivo, entregando a súa copia e xustificante de pago)
- o Asumir a responsabilidade derivada das actividades, materiais ou espazos autorizados e utilizados nas súas actividades, así como calquer dano que poida causarse a participantes nas mesmas, público ou outros usuarios, dispoñendo dun Seguro de Responsabilidade Civil e de Asistencia Médica suficiente e adecuado para cubrir as actividades que se desenrollan nas instalacións e espazos municipais cuxa utilización fora autorizada polo Concello
- o Responsabilizarse de repoñer os materiais e equipamentos que se deterioren por un mal uso, así como dotarse daqueles que precise ampliar para o seu desenvolvemento das súas actividades.
- o Preparar e acondicionar, non caso de necesidade e para seu uso, as instalacións nos horarios autorizados (colocación de porterías, canastas, postes y redes de voleibol, porterías de hockey, cortizas de natacións, etc...)
- o Realizar unha utilización eficaz dos recursos, optimizando ó máximo a súa utilización e favorecendo seu mantemento en bo estado.
- o Contar con material propio deportivo e accesorio.
- o Contar cun botiquín propio, actualizado e con material suficiente, para atender a tódalas persoas relacionadas coa súa actividade.
- o Achegar tódolos recursos humanos e técnicos necesarios para impartir a disciplina deportiva, de acordo coas disposicións legais que sexan de aplicación, que estará en posesión da titulación ou/e licenza deportiva oficial que lle permita desenvolver a actividade deportiva ou a docencia en dita materia, e no seu caso, así como

CONCELLO DE CARBALLO
C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello, 1
981 70 41 00 www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
CARBALLO - A Coruña

comprobará que todo ou persoal técnico, cuxa actividade implique contacto habitual con menores, estea en posesión da certificación negativa do Rexistro Central de delinquentes sexuais. (Lei 8/2021).

- o Actuar de maneira respectuosa co persoal do Concello de Carballo e das empresas encargadas de traballar nas instalacións, así como cos usuarios e co público das actividades.
- o Incluír vos logotipos do Concello de Carballo e de Carballo Deporte imaxe deportiva da Concellalía de Deportes en todo o material que utilice.
- o Colaborar coa Concellalía de Deportes na difusión da súa modalidade deportiva nas entidades educativas.
- o Participar como voluntarios deportivos, coa presenza dos seus xogadores e técnicos con maioría de idade, en eventos específicos organizados polo Concello de Carballo, así como en actividades e accións de comunicación de especial interese para esta Administración Local, polo menos en dúas ocasións ou ano, segundo comunicación detallada pola Área de deportes do Concello de Carballo.

A persoa abaixo asinante faise responsable da veracidade dos datos asinados

Carballo ____ de _____ 2.025

Asdo.:

Asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Alcalde

Evencio Ferrero Rodríguez

Secretaria

Marina Núñez Orjales

Esta publicación serve como notificación aos posibles interesados, en cumprimento do establecido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e de conformidade co establecido no artigo 194 do RD 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Documento asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Secretario

Marina Núñez Ojales

CONCELLO DE CARBALLO
C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello 5, 1º
981 70 41 00 www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal 15100
CARBALLO - A Coruña.